



O Hipersector TIC en Galicia. Edición 2015

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2015

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

O Hipersector TIC en Galicia

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia
(OSIMGA)



Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
Santiago de Compostela
2015

Índice

Introdución	5
1. Demografía empresarial e Peso na economía galega	9
2. Emprego	19
3. Comercio exterior	24
4. Innovación tecnolóxica	30
5. Patentes e Marcas	44



INTRODUCCIÓN

Introdución

O sector das TIC o compoñen dúas áreas de actividade que amparan unha importante diversidade de produtos e servizos. Acuñaos os grandes bloques como o Sector TIC sumado ao Sector Contidos, o termo Hipersector TIC refírese ao *“conxunto de actividades de investigación, desenvolvemento, fabricación, integración, instalación, comercialización e mantemento de compoñentes, subconxuntos, produtos e sistemas físicos e lóxicos fundamentados na tecnoloxía electrónica así como a explotación de servizos baseados en ditas tecnoloxías, a produción e difusión de contidos soportados electronicamente e as aplicacións de Internet” (Observatorio Industrial de Electrónica, Tecnologías de la información y Telecomunicaciones).*

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través deste estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), proporciona, como continuación do realizado en 2014, unha información actualizada e definida do Hipersector TIC na Comunidade Galega.

Este informe está en consonancia coas directrices marcadas na Axenda Dixital de Galicia 2020, que identifica ao Hipersector TIC como un dos sectores con maior potencial de crecemento nos próximos anos, que xere redes de valor co resto de axentes, empresas tractoras e sectores económicos dando lugar á conformación dun ecosistema dixital galego activo.

Así, o Hipersector TIC en Galicia tende a converterse nunha peza clave no desenvolvemento económico debido ao seu grande potencial na creación de emprego e pola súa capacidade innovadora.

A aposta por este sector emerxente contribuirá a mellorar de xeito notable a situación xeral de Galicia, tanto a nivel económico, como a nivel de emprego, convertendo o Hipersector TIC nun motor do resto dos sectores estratéxicos de Galicia.

Ficha técnica

O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

Para determinar estas actividades considerouse como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE. Na seguinte táboa relaciónanse as actividades económicas, segundo a CNAE-09, que conforman o Hipersector TIC:

HIPERSECTOR TIC - RELACIÓN DE CNAES	
SECTOR TIC	
26.1	Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados
26.2	Fabricación de ordenadores e equipos periféricos
26.3	Fabricación de equipos de telecomunicacións
26.4	Fabricación de produtos electrónicos de consumo
26.8	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
46.5	Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións
58.2	Edición de programas informáticos
61.1	Telecomunicacións por cable
61.2	Telecomunicacións sen fíos
61.3	Telecomunicacións por satélite
61.9	Outras actividades de telecomunicacións
62.0	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
63.1	Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web
95.1	Reparación de ordenadores e equipos de comunicación
SECTOR CONTIDOS E MEDIOS DE INFORMACIÓN	
581	Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais
591	Actividades cinematográficas, de video e de programas de televisión
592	Actividades de gravación de son e edición musical
601	Actividades de radiodifusión
602	Actividades de programación e emisión de televisión
639	Outros servizos de información

Este informe presenta unha estrutura en cinco capítulos:

1. O capítulo 1 comeza cunha caracterización da demografía empresarial do Hipersector TIC, adicándolle unha parte específica ao emprendemento e á contribución e peso do Hipersector TIC na economía galega.
2. O capítulo 2 céntrase na distribución do emprego nas empresas do Hipersector.
3. O capítulo 3 analiza o comercio exterior no Hipersector TIC.
4. O capítulo 4 ofrece unha perspectiva xeral da innovación tecnolóxica nas empresas galegas.
5. No capítulo 5 preséntase información sobre as patentes e marcas desenvolvidas en Galicia nos últimos catro anos.

Para a elaboración deste informe utilizáronse diferentes fontes de información, que se relacionan a continuación:

- Directorio de empresas, Instituto Galego de Estatística (IGE) e Instituto Nacional de Estatística (INE).
- Estadísticas de afiliacións e contas de cotización á Seguridade Social, IGE.
- Comercio exterior e intracomunitario do Hipersector TIC. IGE
- Enquisa sobre innovación nas empresas, INE
- Estatística de I+D, INE.
- Oficina Española de Patentes e Marcas.



1.DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL E PESO NA ECONOMÍA GALEGA

Demografía empresarial


En Galicia existen un total de 3.211 empresas desenvolvendo actividades do Hipersector TIC. Destas empresas, un 72,6% corresponden ao subsector TIC e un 27,4% ao subsector contidos.

O Hipersector no seu conxunto experimenta un incremento do 1,6% no número de empresas no último ano, aínda que afecta aos dous subsectores desigualmente. Deste modo, o subsector TIC experimentou un importante incremento no último ano, do 4%, mentres que as empresas do sector contidos sufriron un descenso do 4,2%.

NÚMERO DE EMPRESAS

En Galicia existen **3.211**
empresas con
actividade no
Hipersector TIC.

Gráfico 1. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2014



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2010 - 2014

Táboa 1. Empresas do sector TIC e Contidos en Galicia. Ano 2014 (Nº empresas)

SECTOR TIC	Nº EMPRESAS
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados	14
26.2 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos	41
26.3 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións	18
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	5
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0
46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	395
58.2 Edición de programas informáticos	10
61.1 Telecomunicacións por cable	16
61.2 Telecomunicacións sen fíos	13
61.3 Telecomunicacións por satélite	3
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	145
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	1.384
63.1 Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas; portais web	126
95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación	161
SUBTOTAL	2.331
SECTOR CONTIDOS E MEDIOS DE INFORMACIÓN	
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	384
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	350
59.2 Actividades de gravación de son e edición musical	53
60.1 Actividades de radiodifusión	50
60.2 Actividades de programación e emisión de televisión	24
63.9 Outros servizos de información	19
SUBTOTAL	880
TOTAL	3.211

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2014

ACTIVIDADE TIC

As empresas dedicadas a programación e consultaría representan o 43.1% das empresas do Hipersector TIC

As actividades de programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática (CNAE 62) son as que aportan un maior número de entidades ao subsector TIC (1.384 empresas), o que representa un 43.1% no conxunto do Hipersector TIC, mentres que no caso do subsector Contidos, son as edicións de libros, xornais e outras activides editoriais, (CNAE 58.1) as que máis volume empresarial aportan (384 empresas) representando o 12.0% do conxunto do Hipersector TIC.


RELACIÓN GALICIA-ESPAÑA

Galicia ocupa a QUINTA posición no ranking estatal de empresas do Hipersector TIC.

A nosa Comunidade conta cunha importante representación do Hipersector TIC no conxunto do Estado, ocupando a quinta posición en canto a volume de empresas.

As Comunidades con maior número de empresas do Hipersector TIC que en Galicia son: Madrid, Cataluña, Andalucía e Comunidade Valenciana.

Gráfico 2. Número de empresas do Hipersector TIC en España. Ano 2014.



Fonte: INE, IGE. Directorio de empresas, ano 2014.

PESO DO HIPERSECTOR TIC

O Hipersector TIC galego
supón un **4,5%** no
conxunto do Estado

As empresas galegas do Hipersector TIC supoñen o 4,5% do total do Hipersector TIC en España. Considerando o subsector TIC, Galicia ocupa a quinta posición no subsector TIC no ranking de Comunidades Autónomas e o sexto lugar se atendemos ao subsector contidos.


Táboa 2. Evolución do número de empresas do Hipersector TIC. Galicia-España 2010-2014

Ano	2010	2011	2012	2013	2014
ESPAÑA					
TIC	46.511	48.931	50.476	51.450	53.505
CONTIDOS	19.312	18.697	18.350	17.814	17.425
HIPERSECTOR	65.823	67.628	68.826	69.264	70.930
GALICIA					
TIC	2.073	2.213	2.232	2.242	2.331
CONTIDOS	969	981	927	919	880
HIPERSECTOR	3.042	3.194	3.159	3.161	3.211

Fonte: INE, IGE, Directorio de empresas 2010 - 2014

O peso do Hipersector TIC no conxunto do tecido empresarial galego acadou o seu máximo no 2014, representando un 1,6% do total de empresas.

Gráfico 3. Peso do Hipersector TIC no total de empresas en Galicia(%). Anos 2009 - 2014.



DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS

A Coruña e Pontevedra


son as provincias nas que
ubícanse o **80.5%** das

empresas galegas do
Hipersector TIC.

Analizando a distribución de empresas por provincias, A Coruña e Pontevedra son as que aglutinan o volume máis importante de empresas, cun 80.5% do total do Hipersector TIC.

Na Coruña concéntranse o 46.3% do total de empresas do Hipersector TIC e en Pontevedra o 34,2%. Lugo e Ourense, respectivamente, agrupan ao 6,7% e ao 6.9% respectivamente. O 5.9% restante corresponde a empresas con sede fóra de Galicia. En relación ao ano 2013, o número de empresas do Hipersector TIC medrou en todas as provincias galegas agás Lugo.

Gráfico 4. Distribución das empresas do Hipersector TIC por provincias galegas. Anos 2014 e 2013.



Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2013 e 2014.


CONDICIÓN XURÍDICA

As **sociedades** son a forma xurídica prioritaria para o **70.6%** das actividades empresariais do Hipersector TIC.

TAMAÑO DAS EMPRESAS


As **empresas de 2 ou menos empregados/as** constitúen o **83,3%** das empresas do Hipersector TIC.

Gráfico 5. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia segundo a súa condición xurídica. Ano 2014.



Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2009 - 2014

Gráfico 6. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia segundo o número de asalariados/as. Ano 2014



A estrutura empresarial do Hipersector TIC caracterízase pola presenza maioritaria de microempresas: o 83,3% contan con 2 ou menos empregados/as e o 93,6% son empresas de menos de 10.


EMPRENDEMENTO

No ano 2014 **naceron**
427 empresas no
Hipersector TIC galego.

Emprendemento TIC

No ano 2014, creáronse en Galicia 427 novas empresas no Hipersector TIC mentres que 358 pecharon no mesmo período. Isto mostra un saldo vexetativo positivo de 69 empresas.

Gráfico 7. Evolución do nº de empresas en altas e baixas no Hipersector TIC (2010-2014)




Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2010 - 2014

Retomando a tendencia de anos anteriores, e cun resultado de 95 entidades máis no ano 2014, é o subsector TIC, o que presenta unha mellor supervivencia, e incluso emprendemento de novas empresas.

EMPRENDEMENTO


O subsector TIC ten un mellor comportamento demográfico que o sector Contidos no que se refire á estabilidade das empresas.

Gráfico 8. Evolución do nº de empresas en altas e baixas no Sector TIC. (2010-2013)



Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2010 - 2014

Gráfico 9. Evolución do nº de empresas en altas e baixas no Sector CONTIDOS (2010-2014)



Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2010 - 2014

Peso na economía galega


Na economía empresarial, o valor engadido dunha empresa (VEB) é a diferenza entre o importe das vendas da empresa e as compras feitas a outras empresas, sen incluír a depreciación do capital fixo durante o período. É a macromagnitude económica que mide o valor engadido xerado polo conxunto de produtores dunha área económica, recollendo en definitiva os valores que se agregan aos bens e servizos nas distintas etapas do proceso produtivo. O VEB garda unha estreita relación co PIB, que se obtén logo de engadirle ao valor agregado do país os impostos indirectos que gravan as operacións de produción.

VALOR ENGADIDO BRUTO

O Hipersector TIC **aporta o 2.3% do PIB** de Galicia.

Froito da coxuntura económica dos últimos anos, o VEB do Hipersector TIC ten descendido paulatinamente, pero o seu peso sobre o PIB galego mantense ao redor do 2.3%, porcentaxe que se distribúe entre o 1.9% que representa o sector TIC e o 0.4% do sector Contidos.

Gráfico 10. Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC en Galicia. (2008-2013)



Fonte: IGE, Ano 2013

(p) Datos provisionais.

O IGE cambiou a base contable para adaptarse á nova metodoloxía europea (Sistema Europeo de Contas SEC-2010), o que obrigou a refacer as estimacións tanto do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia como das ramas de actividade que o forman. Este é un procedemento habitual en cada cambio de base contable co que se pretende ofrecer unha imaxe fiel da economía e as súas compoñentes.



2. EMPREGO

EMPREGO


**O Hipersector TIC
emprega a 19.534
traballadores/as.**

Emprego

O Hipersector TIC en Galicia empregou a máis de 19.500 traballadores/as no ano 2014, aínda que o volumen de emprego no subsector TIC é sensiblemente maior que no de Contidos: representa o 73.7% no conxunto do Hipersector TIC e o subsector contidos un 26.3%.

En termos evolutivos, no último ano experimentábase un cambio de tendencia, sendo o subsector TIC máis vulnerable á perda de emprego que o subsector contidos.

Gráfico 11. Evolución do emprego no Hipersector TIC (2011-2014)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social, 2011 - 2014


MASCULINIZACIÓN

**O 64.7% dos
traballadores/as do
Hipersector TIC son
homes.**

O Hipersector das tecnoloxías da información ten un alto grao de masculinización, algo superior a hai un ano, de xeito que case o 65% dos traballadores/as son homes.

No subsector contidos esta fenda de xénero acórtase lixeiramente xa que os homes representan o 59,3% mentres que no subsector TIC, a porcentaxe de homes sitúase no 66,6%.

Gráfico 12. Distribución por xénero do emprego no Hipersector TIC. Ano 2014.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social, 2014

A fenda de xénero aumentou debido a que a perda de emprego no sector afecta case de forma exclusiva ás mulleres: mentres que o emprego masculino practicamente se mantén respecto do ano pasado, o emprego feminino descendeu nun 13.2%.

AUTÓNOMOS/AS

Un 20.8% dos
traballadores/as do
Hipersector TIC cotizan
no **régime de
autónomos/as.**


Gráfico 13. Evolución por xénero do emprego no Hipersector TIC (2011-2014).



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social, 2014

Atendendo ao réxime de cotización dos traballadores o 79.2% cotizan no réxime xeral, e só un 20.8% desenvolve o seu traballo baixo o réxime de autónomos/as no ano 2014, incrementándose respecto do ano 2013 (19.6%). Esta porcentaxe de autónomos/as no subsector TIC é do 22.9% mentres que no subsector contidos sitúase no 14.9%

Gráfico 14. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2014




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2014.

RÉXIME

O Réxime de Autónomos mantén o seu nivel de emprego no Hipersector TIC.

Os traballadores/as do réxime xeral sofren perda de efectivos, que diminúen un 6.5% no período 2012-2014, mentres que os traballadores autónomos presentan un cambio na tendencia observada nos últimos anos.

Gráfico 15. Evolución do emprego por rexime de cotización no Hipersector TIC no ano 2014.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2014



3. COMERCIO EXTERIOR

O comercio exterior¹


As exportacións de bens do hipersector TIC en Galicia superaron os 57 millóns de euros no ano 2014. Cabe salientar un significativo potencial do comercio exterior correspondente ao sector contidos galego, que presenta unha balanza comercial positiva. No sector TIC as importacións superan ás exportacións, o que motiva que no conxunto do Hipersector TIC a balanza comercial resulte negativa.

BALANZA COMERCIAL

o Sector Contidos

obtivo unha **balanza comercial positiva** no 2014, superando á balanza comercial do ano 2013.

Gráfico 16. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2014.



Fonte: IGE, Ano 2014.

¹ Nota metodolóxica: neste capítulo considerárase comercio exterior referido ao comercio de bens. Polo tanto, as CNAEs que computan son:

- Sector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582
- Sector Contidos -> CNAEs 581, 591, 592
- Hipersector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582, 581, 591, 592

O comportamento positivo da balanza comercial galega que apuntaba no ano 2012 só tivo continuidade no sector Contidos, que se incrementou sensiblemente no período 2013-2014, ao pasar de 22.000 a 419.000 euros.

Táboa 3. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia. (2011-2014)

Ano	2011	2012	2013	2014
BALANZA COMERCIAL (miles de euros)				
TIC	-17.645,60	38.539,60	-16.385,50	21.080,00
CONTIDOS	-219,7	84,9	22,2	419,2
HIPERSECTOR	-17.865,20	38.624,50	-16.363,40	20.660,80

EXPORTACIÓNS TIC

As exportacións da actividade **Fabricación de equipos de telecomunicacións**

acada o **55,2%** do total das exportacións do Hipersector TIC galego no ano 2014.

Na tipoloxía de produtos exportados polas empresas do Hipersector TIC galego predomina a actividade de fabricación de equipos de telecomunicacións (CNAE 26.3), acadando por si mesma máis da metade das exportacións totais do Hipersector TIC en Galicia, cun 55.2% do total.


Táboa 4. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2014.

EXPORTACIÓNS		
CNAE		VALORES (miles de euros)
Sector TIC	2611	1.957,5
	2612	1.236,3
	2620	6.086,1
	2630	31.921,9
	2640	13.415,6
	2680	16,1
	5829	427,8
Sector Contidos	5811	946,60
	5813	31,7
	5814	185,9
	5819	1.385,30
	5915	16
	5920	253,8
Hipersector TIC		57.881

Fonte: IGE, Ano 2014

O Sector TIC é o que máis exportacións realiza dentro do Hipersector TIC, o 95,1% do total, porcentaxe lixeiramente superior á do ano 2013 (94,3%).


Gráfico 17. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2014.



Fonte: IGE, Ano 2014

En termos evolutivos, cabe salientar un forte incremento das exportacións do Hipersector TIC, experimentando un crecemento do 14% respecto ao ano anterior. Este aumento débese ao significativo incremento das exportacións do sector TIC, que medraron un 15% no último ano.

Gráfico 18. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2011 - 2014



EXPORTACIÓNS TIC

As exportacións do **Sector TIC** acadan o **95,1%** do total de exportacións do Hipersector

IMPORTACIÓNS TIC

As importacións de
produtos do sector

Fabricación de equipos de telecomunicacións

acada case a metade do
total de importacións do
Hipersector TIC, o 46.8%.

Considerando agora as importacións de bens do Hipersector TIC, obsérvase que é tamén a fabricación de equipos de telecomunicacións (CNAE 2630) a que rexistra un maior volume de importacións, cun peso do 46.8% do total. A certa distancia, a fabricación de produtos electrónicos de consumo (CNAE 2640) acada o 23.1% do total de importacións do hipersector TIC.

**Táboa 5. Importacións do Hipersector TIC en Galicia.
Ano 2014.**


IMPORTACIÓNS		
CNAE		VALORES (miles de euros)
Sector TIC	2611	4.110,8
	2612	353
	2620	15.729,5
	2630	36.751,3
	2640	18.129,7
	2680	696,2
	5829	370,8
Sector Contidos	5811	571,90
	5814	13
	5819	1.337,70
	5915	100,8
	5920	376,7
Hipersector TIC		78.541

Fonte: IGE, Ano 2014

IMPORTACIÓNS TIC

As importacións do
Hipersector TIC
medraron un 17% no
período 2013 - 2014


Gráfico 19. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2014.



Fonte: IGE, Ano 2014

As importacións do Hipersector TIC no ano 2014 aumentaron un 17%, aínda que, unha vez máis, con diferenzas entre ambos os dous sectores; diminuíndo as importacións do Sector Contidos nun 16.5% e aumentando no Sector TIC un 18.5%.

Gráfico 20. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2011 - 2014



Fonte: IGE . Anos 2011 - 2014



4. INNOVACIÓN TECNOLÓGICA

Innovación tecnolóxica

Neste capítulo analizarase a actividade innovadora, e máis especificamente a innovación tecnolóxica, nas empresas de 10 ou máis empregados/as, empregando os datos das enquisas de innovación e I+D do INE.

Un total de 1.066 empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as realizaron actividade innovadora no ano 2013. Analizando un período máis amplo (anos 2011 – 2013), o número de grandes empresas galegas con actividade innovadora ascende a 2.064, o que representa un 25.6% do total de empresas de 10 ou máis traballadores/as. A nivel estatal, Galicia ocupa a sexta posición no ranking de empresas innovadoras no ano 2013.

ACTIVIDADE INNOVADORA

o **25.6% das empresas galegas** de 10 ou máis traballadores/as innovou no período 2011 – 2013.

Galicia na sexta posición do ranking estatal.

Gráfico 21. Nº de empresas con actividades



innovadoras en Galicia. Evolución 2011-2013.

Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas.

Non obstante, o volume de empresas innovadoras mermou progresivamente no período 2011-2013

Gráfico 22. Nº de empresas con actividades innovadoras. España. 2013.






Gráfico 23. Porcentaxe de empresas innovadoras sobre o total de empresas, España.



TIPO DE INNOVACIÓN

A porcentaxe de empresas con **innovacións tecnolóxicas** en Galicia **supera a media estatal.**

Gráfico 24. Porcentaxe de empresas innovadoras segundo tipo de innovación no período 2011-2013. Comparativa Galicia – España.



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas.


Respecto ao tipo de innovación, un 14,1% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as realizou innovacións tecnolóxicas no período 2011 – 2013, case un punto porcentual por riba da media estatal.

INNOVACIÓN NO HIPERSECTOR TIC

A innovación entre as empresas do Hipersector TIC medrou un 25.3% no período 2012 – 2013.

Especificamente no Hipersector TIC galego, preto de 100 empresas realizaron innovacións tecnolóxicas no período 2011-2013, un 25.3% máis que no período 2010-2012.

Gráfico 25. Nº de empresas TIC con actividade innovadora tecnolóxica en Galicia. Evolución 2012-2013.



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas

Gráfico 26. Gasto en innovación tecnológica en Galicia, 2011-2013 (miles de euros)




Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas.

GASTO EN INNOVACIÓN

As **empresas** galegas
investiron **casi 500**
millóns de euros en
innovación tecnolóxica.

Gráfico 27. Gasto en innovación tecnológica en España 2011-2013 (miles de euros)



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas.


TIPO DE INNOVACIÓN

As innovacións en procesos supoñen o principal campo de acción para as empresas galegas no período 2011-2013.

Especificamente en canto ás innovacións tecnolóxicas, as empresas galegas resultaron especialmente activas no relativo á innovación de procesos, onde tiveron lugar 885 experiencias empresariais.

Se se consideran as iniciativas innovadoras tecnolóxicas emprendidas polas grandes empresas galegas, tanto as exitosas como as que non culminaron con éxito (empresas EIN), a cifra ascende a 1.373 iniciativas entre os anos 2011 e 2013.

Gráfico 28. Empresas innovadoras tecnolóxicamente segundo tipo de innovación. Galicia (2011-2013.)



EIN= Empresas tecnolóxicamente innovadoras no período 2011-2013 ou con innovacións tecnolóxicas en curso ou non exitosas

Fonte: INE, Encuesta sobre innovación nas empresas.


Entre as empresas do Hipersector TIC galego que innovaron tecnoloxicamente, a maioría (84) innovou en produto fronte a 45 que o fixeron en proceso, 29 en produto e en proceso. O total de empresas EIN no Hipersector TIC galego é de 115.

OBXECTIVOS DA INNOVACIÓN

As innovacións en produtos supoñen o principal campo de acción das empresas EIN galegas no período 2011-2013.

Entre as empresas EIN galegas, un 64,1% sinalou como obxectivo prioritario das súas actividades innovadoras a mellora dos seus produtos e un 52% a optimización dos seus procesos.

Gráfico 29. Obxectivos das innovacións tecnolóxicas das empresas EIN Galicia (2011-2013.)



Fonte: INE, Encuesta sobre innovación nas empresas.

En relación aos produtos, as empresas consideran especialmente salientable a procura dunha maior calidade dos bens e servizos -en opinión do 45,2% das empresas- mentras que en relación aos procesos, a opinión das empresas EIN divídese entre as que cren que os esforzos deben volcarse en acadar unha maior capacidade de produción ou de prestación de servizos e as que opinan que deben centrarse nunha maior flexibilidade na produción ou na prestación de servizos. No terreo do persoal, o mantemento do emprego é o obxectivo que potenciarían o 21.9% das empresas EIN galegas.

Outros obxectivos destacados son o cumprimento dos requisitos en materia medioambiental.


GASTOS INTERNOS EN I+D

As **empresas galegas** adicaron máis de **468 millóns de euros á I+D** no ano 2013, o que representou un peso do **3.6%** do total dos **gastos internos en I+D das empresas de España.**

O investimento en I+D no 2013 por parte das empresas galegas ascende a máis de 468 millóns de euros. Supón o 3.6% do total estatal, aínda que se reduciu lixeiramente dende os 487 millóns de euros do período anterior.

Galicia é a sétima Comunidade Autónoma que realiza un maior esforzo en gasto de I+D. En Galicia, o gasto en I+D representa o 0,87% do seu PIB.

Gráfico 30. Evolución dos gastos internos totais en I+D en Galicia




Fonte: INE, Estadística de I+D, 2013.

Nunha tendencia contraria á experimentada no conxunto do sector empresarial, as empresas do Hipersector TIC galego adicaron máis de 36 millóns de euros a gastos internos totais e de persoal en I+D no ano 2013, fronte aos case 30 millóns de euros do ano 2012, o que supón un crecemento superior ao 22%.

GASTOS INTERNOS EN I+D NO HIPERSECTOR TIC

Os gastos internos en I+D no Hipersector TIC galego medraron un 22.1% no ano 2013.

Gráfico 31. Evolución dos gastos internos totais en I+D no Hipersector TIC en Galicia




Fonte: INE, Estadística de I+D, 2013.

As empresas do Hipersector TIC galego investiron máis de 36 millóns de euros en I+D, 6.6 millóns máis que no ano 2012.

Gráfico 32. Contribución aos gastos internos totais en I+D por CCAA.

Ano 2013



Galicia é a sétima comunidade que máis contribúe aos gastos internos totais en I+D do conxunto estatal.

Dos máis de trece mil millóns de euros gastados polas empresas españolas en I+D, son as comunidades de Madrid e Cataluña os territorios que máis contribúen aos gastos internos totais. Galicia, con 468 millóns de euros de gasto ocupa a sétima posición no ranking estatal.

PERSOAL EN I+D

Galicia emprega a 9.385 traballadores/as adicados a I+ D a xornada completa nas empresas, o 4.6% do total de traballadores/as do Estado que se adican a I+D.

SEXTA Comunidade Autónoma con maior número de traballadores/as en **I+D** a xornada completa

No conxunto de España, existen 203.302 persoas traballando en I+D a xornada completa, das que 9.385 o fan en Galicia. Supón un 4.6% do total de persoal de I+D do conxunto do Estado.

É a sexta Comunidade Autónoma con maior número de traballadores/as en I+D a xornada completa, se ben o volume de emprego mermou lixeiramente dende os 9.509 traballadores/as do ano 2012.

A nivel estatal, vense producindo un descenso no emprego en I+D (-2,6%), tendencia que aínda que tamén afecta á Comunidade Galega, a merma resulta bastante inferior, producíndose no último ano un descenso do 1,3% no número de traballadores/as adicados a I+D.

Gráfico 33. Evolución do persoal en I+D en Galicia (2011-2013).




Fonte: INE, Estadística de I+D, 2013.

PERSOAL EN I+D

**O Hipersector TIC
emprega a 817
traballadores adicados
a I+D, un 24.5% máis
que no ano 2012.**

Especificamente no Hipersector TIC, traballaban no ano 2013 un total de 817 persoas en I+D, amosando un sensible crecemento no emprego que invirte as tendencias observadas a nivel estatal e galego.

Gráfico 34. Evolución do persoal en I+D no Hipersector TIC en Galicia (2012-2013).



Fonte: INE, Estadística de I+D, 2013.


En relación ao xénero, a maioría dos traballadores adicados a I+D nas empresas son homes, tanto se se trata de persoal adicado especificamente á investigación, como do conxunto de persoal de I+D.

En Galicia, a taxa de feminización é lixeiramente superior ao conxunto do Estado.

PRESENZA FEMININA

O **41.4%** dos traballadores/as de I+D en Galicia **son mulleres**, fronte **ao 40.2%** que se rexistra a nivel estatal.

Gráfico 35. Porcentaxe de mulleres adicadas a I+D e á Investigación. Comparativa Hipersector - Galicia- España. Ano 2013.



Fonte: INE, Estadística de I+D, 2013



5. Patentes e Marcas

INDICADORES DE I+D

Patentes e marcas
son **indicadores de innovación** por
amparar as invencións
orientadas á mellora
industrial.

Patentes e marcas

A Organización Mundial da Propiedade define a patente como “... un dereito exclusivo concedido a una invención, é dicir, a un produto ou procedemento que aporta, en xeral, una nova maneira de facer algo ou unha nova solución técnica a un problema”.

Son patentables aquelas invencións novas que impliquen unha actividade inventiva e sexan susceptibles de aplicación industrial. A lexislación española, ao respecto, distingue entre patentes e modelos de utilidade.

Esta última modalidade resérvase a aquelas invencións de menor rango que, sendo novidades, consisten en dar a un



obxecto unha configuración, estrutura ou constitución da de que se derive algunha utilidade ou vantaxe práctica.

As patentes constitúen un indicador recoñecido

como útil para medir os resultados xerados polas actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, na medida en que protexen unha invención particular.


As marcas, pola súa banda, son signos distintivos que permiten diferenciar os produtos dunha empresa fronte á súa competencia e son utilizadas por moitas empresas para identificar produtos ou servizos innovadores que por diversos motivos non se protexen mediante patentes.

O período de protección no caso dos modelos de utilidade é de 10 anos, cando as patentes posúen unha efectividade de 20 anos.

As marcas conxuntamente coas patentes de invención e os modelos industriais conforman a propiedade industrial.

No ano 2014 a Oficina Española de Patentes e marcas concedeu 168 patentes – 27 a patentes relacionadas co Hipersector TIC- e 57 modelos de utilidade a entidades galegas, dos que catro están relacionados co Hipersector TIC.

Gráfico 36. Patentes e Modelos de Utilidade Concedidos a entidades en Galicia. Anos 2010-2014.



NOTA: un mesmo expediente de patente pode estar incluído en diferentes CIP (Clasificación Internacional de Patentes).

Fonte: Oficina Española de Patentes e Marcas, anos 2010 - 2014


Tras un lixeiro descenso das patentes concedidas no ano 2013, as concesións de patentes incrementáronse no ano 2014 e recuperando a tendencia alcista experimentada en anos anteriores.

PATENTES

No ano 2014 rexistráronse no Hipersector TIC galego 27 patentes e 4 modelos de utilidade

Respecto das marcas, entre os anos 2010 e 2014 rexistráronse en Galicia 6.367 marcas -653 relacionadas co hipersector TIC- e 541 nomes comerciais, 73 relacionados co hipersector TIC.

Gráfico 37. Marcas e nomes comerciais rexistrados en Galicia. Anos 2010-2014.



Fonte: Oficina Española de Patentes e Marcas, 2010- 2014

Territorialmente, son as empresas das provincias da Coruña e Pontevedra ás que maior número de marcas e nomes comerciais concedeu a Oficina de Patentes e Marcas no ano 2014.

Táboa 6. Marcas e nomes comerciais rexistrados en Galicia por provincias. 2014

TIPO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
MARCAS	773	116	122	429
NOMES COMERCIAIS	42	16	8	62
TOTAL	815	132	130	491

Fonte: Oficina Española de Patentes e Marcas, ano 2014

MARCAS

As provincias da **Coruña e Pontevedra** concentraron o **83%** das marcas e nomes comerciais rexistrados no ano 2014.

DESEÑOS INDUSTRIAIS


En Galicia resolvéronse **212 expedientes de deseño industrial** entre os anos 2010 e 2014, **15 deles no Hipersector TIC.**

Deseños industriais

No ámbito da Propiedade Industrial enténdese por deseño industrial a **aparencia** u **ornamentación** dun produto, que fai que visualmente sexa diferente a outro sin ter en conta ningunha das súas características técnicas ou funcionais, vinculándoo directamente coa innovación de produto.

Neste sentido, segundo os datos da Oficina Española de Patentes e marcas, resolvéronse 212 expedientes de deseño industrial entre 2010 e 2014 relativos a solicitudes galegas, 15 deles directamente relacionados co Hipersector TIC.

Gráfico 38. Deseños industriais rexistrados en Galicia. 2010-2014.



Fonte: Oficina Española de Patentes e Marcas, 2010-2014

